



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE A GUARDA PARA ESTABLECER AS BASES PARA A REGULACIÓN E ORDENACIÓN DA RÚA PEONIL DO PORTO DE A GUARDA

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 9 da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de A Guarda, o convenio arriba referenciado, por un período de vixencia de catro anos respecto de regulación e ordenación da rúa peonil do porto de A Guarda, agás unha prorroga expresa por un máximo catros anos. O instrumento convencional ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes

Recibida en Portos de Galicia, solicitude do Concello de A Guarda de solicitude de autorización para a execución de obras de mellora de mellora e ordenación da rúa peonil do porto de A Guarda, segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro municipal proponendo autorizar as citadas obras.

2. Razóns de oportunidade

O Concello de A Guarda para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para o ocio e disfrute do tempo libre dos seus cidadáns está interesado na mellora, conservación e mantemento da rúa peonil no dominio público portuario do porto de A Guarda.

Así mesmo, o ente público Portos de Galicia contempla, dentro dos seus obxectivos estratéxicos, favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan aos portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica, polo que está así mesmo interesado no mantemento de ditos xardíns.

Dado que os espazos portuarios constitúen unha unidade funcional que desenvolve un proxecto unitario que supón unha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación lindante, coa función engadida de servir de solución de continuidade entre a poboación e o porto permitindo o seu uso fundamentalmente aberto ao público e ao núcleo urbano, considérase conveniente que se asine un convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de A Guarda para a adopción conxunta das referidas medidas.

En definitiva, o presente convenio suporá un efecto positivo tanto para o propio porto, coma tamén para o seu contorno urbano inmediato.

Tendo en conta o propio fundamento do convenio, sustentado na súa finalidade de promoción de actividades de interese xeral a través da concorrencia dun acordo consonte de vontades orientado á coparticipación no desenvolvemento de determinadas actividades de interese común por ámbalas partes que os subscriben, resulta de interese proceder á celebración do presente convenio de colaboración.

3. Obxectivos que se pretenden



A finalidade común é regular a colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de A Guarda no que atinxe ás actuacións no dominio público portuario de regulación e ordenación da rúa peonil do porto de A Guarda.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de A Guarda.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

O DIRECTOR,

-José Ignacio Villar García-